

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 387/2018

Memoria Justificativa

Procedemento: Procedemento de Contratación

Interesado: _____

Data de iniciación: 15/05/2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Xustificación da necesidade do contrato.

Coa finalidade de cumprir cos obxetivos establecidos nos diversos corpos normativos en materia medioambiental, o Concello de Mondariz fai unha aposta directa pola implantación dun novo sistema de tratamento e xestión dos residuos orgánicos procedentes dos restos vexetais de podas producidos no municipio baseado na compostaxe individual e na compostaxe comunitaria como técnica de valorización dos mesmos.

A Directiva Comunitaria 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008 (Directiva marco de residuos) fixa en canto aos residuos domésticos un obxectivo de reciclado e recuperación dos mesmos que deberá alcanzar o 50% do global do seu peso antes do ano 2020. Esta Directiva foi trasposta ao noso ordenamento xurídico a través da que establece a folla de ruta que deberán seguir as administracións públicas para acadar os obxectivos marcados por Europa, facendo unha clara aposta polo impulso do tratamento dos biorresiduos a través da compostaxe.

O sistema de compostaxe implantado no concello preséntase coma a alternativa máis eficaz e sostible para tratar e valorizar a fracción orgánica xerada nos fogares do municipio, sendo preciso para o seu óptimo funcionamento a aportación de material estruturante procedente dos restos triturados de poda seca para que sexa depositado e mesturado xunto aos restos orgánicos. A través deste sistema é posible acadar unha dobre función, xa que por un lado se cubre a necesidade do sistema de xestión de residuos e ao mesmo tempo se produce a valorización dos residuos procedentes da poda in situ, no mesmo lugar onde se xeran.

Ante a necesidade constante de produción e subministración do material estruturante aos habitantes do municipio, contéplase como prioritario a adquisición dunha máquina trituradora que permita cubrir o servizo de triturado dos restos orgánicos procedentes da poda efectuada no concello.

2. obxecto do contrato

O obxecto do presente contrato é o subministro dunha máquina trituradora con remolque de nova fabricación e sen uso previo para a prestación do servizo de triturado dos restos de poda para ser empregados no proceso de compostaxe como estruturante.

Os distintos procesos de triturado realizaranse nos lugares onde o concello o estime oportuno, baixo a demanda da cidadanía e en calquer momento cubrindo así as necesidades de dispoñibilidade de material estruturante para ser empregado na compostaxe individual e comunitaria.

3. Marco normativo

- Proxecto de Ordenación do Medio Rural de Mondariz, aprobado definitivamente polo pleno do Concello en sesión de 26 de febreiro de 1.999.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, con entrada en vigor o 19 de marzo de 2016.



Concello de Mondariz

- Directiva Comunitaria 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008 (Directiva marco de residuos).
- Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados.
- Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do Sector Público

4. Análise Económica

a. Financiamento.

A Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra en sesión ordinaria de 28 de xullo de 2017 adoptou un acordó polo que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro das bases reguladoras das subvencións convocadas para consolidar o Plan Revitaliza da deputación de Pontevedra (LIÑA 2)" por importe de 306.030,10 €, destinada a adquisición dos COIN e CCC necesarios para a posta en marcha do novo sistema baseado na compostaxe, así como dos materiais complementarios para o seu bo funcionamento, e que supoñen o financiamento do 89,56 % do importe total do investimento.

Polo tanto, o Concello deberá aportar o 10,40 % do importe total dos investimentos, que neste caso resultará financiado con fondos propios da entidade municipal, cun importe total de 35.673,90 €. Respecto do presente investimento foi aprobada modificación orzamentaria nº 37/2018 correspondente á transferencia de crédito 04/2018, ascendendo dita modificación a un importe total de 13.453,47 € para cubrir a aportación municipal da subvención 2018 do Plan Revitaliza, por Decreto nº 567 de 25 de novembro de 2018.

b. Valor Estimado

| | |
|---------------------------|-------------|
| Valor estimado (sen IVE): | 39.000,00 € |
|---------------------------|-------------|

c. Orzamento base de licitación

Límite máximo de gasto, incluído IVE: 47.190,00 €

Formulación a prezo fixado.

Importe sen IVE: 39.000,00 € (1)

IVE (21 %): 8.190,00 €

Total con IVE: 47.190,00 €

d. Prezo

Sistema de determinación: Prezos unitarios sen revisión nin variación dos mesmos en función do cumprimento ou incumprimento de obxetivos de prazos ou de rendemento.

e. Aplicacións orzamentarias:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (con IVE) |
|------------|-------------------------|-------------------------|
| 2018 | 1621.6230790 | 47.190,00 € |

As actuacións contan coa participación da Deputación Provincial de Pontevedra con cargo á subvención concedida mediante acordo de 28 de xullo de 2017 ó abeiro das bases reguladoras das subvencións convocadas para consolidar o Plan Revitaliza da deputación de Pontevedra (LIÑA 2)" por importe de 306.030,10 €, destinada a adquisición dos COIN e CCC necesarios para a posta en marcha do novo sistema baseado na compostaxe, así como dos materiais complementarios para o seu bo funcionamento, e que supoñen o financiamento do 89,56 % do importe total do investimento.



Concello de Mondariz

Polo que o crédito dispoñible será de 47.190,00 euros, financiado con cargo á bolsa de vinculación 1621.623, aplicación orzamentaria: 1621.6230790

f. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A presente actuación terá unha incidencia menor na estabilidade orzamentaria debido a que está financiada nun 89,56 % por ingresos afectados procedentes de outras administración (Deputación Provincial de Pontevedra) O principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a capacidade ou necesidade de financiación en términos orzamentarios SEC-10, se obtén da diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos. A este respecto debe sinalarse que a cantidade de gasto a financiar con fondos propios supón un 10,40 % do orzamento base de licitación (4.907,76 €), se imputará a Capítulo [6] do Orzamento de Gastos, e se encontra recollido na modificación orzamentaria tramitada ó efecto. Tendo en conta que esa modificación consistiu nunha transferencia de crédito entre os capítulo 2 e 6 do orzamento inicial, non afectará a estabilidade prevista no informe de avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria de 2017 (prorrogado a 2018) polo que se deduce que é posible executar o gasto sin comprometer a capacidade de financiación da Entidad a largo prazo nin xerar déficit de financiación, constatándose así o cumprimento co principio de estabilidade orzamentaria neste exercicio.

Respecto da sustentabilidade financeira é preciso sinalar que tendo en conta que coa adhesión ao Plan Compost Revitaliza da Deputación de se pretende aproveitar a fracción orgánica dos residuos municipais para realizar compostaxe de calidade, e así reducir drásticamente a cantidade de lixo a incinerar, coa conseguinte redución de gastos económicos e implicando unha mellora medioambiental, os gastos de mantemento da máquina trituradora terían unha transcendencia orzamentaria escasa en comparación co aforro estimado coa implantación do Plan Compost Revitaliza xa que o concello de Mondariz, proxecta realizar progresivamente o tratamento por medios propios do 100% da fracción orgánica, o que suporía un aforro estimado de 88.619,95 € según os datos recollidos na memoria explicativa do “CAMBIO DO SISTEMA DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS ORGÁNICOS AO ABEIRO DO PLAN COMPOST REVITALIZA” asinada pola técnica municipal o 12 de abril de 2017.

5. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

Se prevé a utilización do procedemento administrativo aberto e a súa tramitación ordinaria. A presentación de ofertas e solicitudes de participación nesta licitación será a través de medios electrónicos de conformidade cos requisitos establecidos na disposición adicional 15ª da LCSP.

b. Cualificación do contrato

O presente contrato se configura como un contrato de suministro de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

c. Análise de execución por lotes

A xustificación de non dividir en lotes o obxecto do contrato por existir motivos válidos recollidos no art. 99.3 y 116.4 g) LCSP, en concreto ,o feito de que, estamos ante o suministro dunha única unidade (unha máquina trituradora) dentro do obxecto do contrato polo que resulta imposible a división do mesmo en lotes desde o punto de vista técnico.

d. Duración

A máquina trituradora obxecto do subministro deberá ser entregada no lugar indicado ao efecto pola administración municipal, no prazo máximo de **90 DÍAS** desde a formalización do contrato. Ao tratarse dun prazo de execución, o tempo operará como simple circunstancia da prestación, polo que o contrato se entenderá extinguido cando se cumpra satisfactoriamente a prestación ou se adopte acordo de resolución do contrato.

En todo caso, o contratista esta obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización.

Non obstante, ao estar a contratación financiada con cargo á subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Pontevedra e ter que estar instaladas ou en funcionamento as



Concello de Mondariz

subministracións antes do 01/03/2019, o **adxudicatario deberá comprometerse a ter entregado o suministro antes do día 01/03/2019 (prazo máximo de instalación dos subministrados).**

e. Responsable do contrato.

En aplicación do artigo 62.2 da lei 9/2017 que regula os Contratos do Sector Público, o responsable do contrato será o Mestre Composteiro do Concello de Mondariz que será nomeado polo órgano de contratación, e lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aquel lle atribúa (art. 62.1.2 LCSP)

f. Órgano de contratación.

O órgano de contratación deste contrato será o Alcalde de acordo coa DA 2ª da LCSP.

6. Publicidade.

A presente memoria débese publicar no perfil de contratante de acordó co artigo 63.3 a) da LCSP.

En Mondariz a 27 de novembro de 2018.

O ALCALDE (asinado electrónicamente).

